

ÁMBITO

Localidade	AMES+BRIÓN
Comarca	COMPOSTELA
Lugar de realización	PAZO DA PEREGRINA, BERTAMIRÁNS (AMES)

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación)	32 (con 3 moderadores)
Nº de non militantes asistentes	5
Nº de militantes convocad@s	tod@s

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

<i>Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso</i>	
A nivel local	Roi Pérez Vila (RL AMES)
Representante do Consello Nacional	Ana Pontón (PN)

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión	3h
Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc)	Disposición en circulo sen subdivisión en grupos. Non se pediu quenda de palabra se foi dando a palabra por orde, un a un. Por falta de tempo non se mantivo esta metodoloxía até o final. Cando quedaban unhas 7 persoas por falar, preguntouse se había máis intervencións.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

Clima que basculaba entre o optimismo e o pesimismo. Falou o 80% da asemblea, en intervencións que valoraban sobre todo o estado do país, a pertinencia do proceso e como transformar a organización, como refundala. O ton construtivo imperou. A asemblea tivo un carácter máis grave ou máis relevante e iso notouse nas intervencións. Neste sentido diferiu dunha asemblea ordinaria, ademais o feito de ter feito a asemblea entre Brión e Ames conxuntamente foi valorado positivamente .

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posibles):

Con carácter xeral:

- Cando se fala de refundir enténdese que se refire a medrar, non se sabe de onde imos quitar a xente para medrar.
- Hai que preguntarse onde foi parar a xente descontenta.
- Hai que ter en conta que hai moita xente que se sente nacionalista e que non está actualmente dentro do bloque porque está agardando a ver que pasa.
- Temos que decidir mais por nós e menos pensando no que dirán de nós.
- O Bng é unha organización que demanda moito traballo interno a súa organización. Eso tira moita xente para atrás.
- Sensación de dar voltas sobre nos mesmos. É necesario este proceso?
- Tempo para a refundación excesivo
- Proceso a longo prazo moi positivo
- Perdémonos nos procesos internos, perdemos a oportunidade de amosar o mellor de nos
- Atender como se merecen os procesos electorais e a realidade do país

- A sociedade galega é moi diferente a de fai anos atrás.
- A Galiza de fai anos xa non existe. O BNG non pode pensar que todo o País é o agro, a pesca e todos os sectores e tecidos que estivemos apoiando durante todos estes anos. Obviamente é todo iso, mais tamén é a cidade, o sector servizos, unha parte do empresariado, os autónomos.
- Sociedade líquida, cambiante, con pouca implicación e de opinións volátiles. O BNG pode ser un referente a medio prazo dentro dun contexto de estas características, non se pode deixar levar, ten que actuar con solidez deixando claro que entende a sociedade na que está e o seu carácter extremadamente líquido.
- Deixar de falar dunha Galiza idílica e centrar o discurso na realidade
- Un país con valores cada vez máis conservadores, Tendente ao corporativismo
- Sobreexposición de líderes (conservadorismo)
- A sociedade galega mudou: máis urbana, política como clientes que queren respostas á carta
- Sentimento de pertenza a Galiza moi deteriorado, tamén na cultura e a lingua
- Sociedade máis individualista, modelo de elector-cliente
- O BNG demanda compromiso, a sociedade todo o contrario.
- A sociedade galega non é conservadora (reacciona ao dito anteriormente)
- Galiza destila nación por todos os seus poros
-
-

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Estratexia política do nacionalismo galego

- O proceso en si non pode ter tanta demora, tense que facer dun xeito áxil e rápido.
- Temos que aproveitar as alcaldías, os/as nosos/as concelleiros/as e facer mais política nacional tamén desde os concellos.
- O noso discurso nacionalista aumenta a distancia coa xente nova.
- Temos que ser mais unidos, consensuar mais os discursos.
- Fai falta moita mais marketing política, dar a coñecer moito mais o noso traballo.
- O importante é gobernar ou é camiñar xunto a sociedade. Temos que crear moita mais conciencia de País e algún día chegaran os resultados.
- Darlle moito máis peso ao sector servizos
- Darlle máis peso ao empresariado no discurso
- Liderar os movementos sociais, non ir detrás deles
- Ter moi claro os obxectivos últimos, República Galega
- Poñer máis énfase nas políticas públicas desenvolvidas con éxito nos municipios BNG
- Crer nas capacidades reais do país
- Non queremos seguir sendo unha pata que sostén a Elite dun Estado que aproveita os recursos nosos
- Discurso máis nacionalista = máis distancia á respecto da xente, nomeadamente a máis nova. É preciso acomodalo
- Só gobernando podemos saber exactamente cales son os límites do que podemos facer
- Non deixármolos influenciar por ciclos líquidos
- Facer sacrificios para gobernar
- Reivindicar o que facemos cando gobernamos -> modelo propositivo, non deixarse levar
- Molestar á xente poderosa co apoio “dos de abaixo”
- Crear unha prensa hexemónica en galego
- Unidade na mensaxe
- Máis iniciativas que presenten as nosas decisións
- Discurso + urbanita
-

Participación política e modelo organizativo

- Temos que darlle unha volta a nosa relación cos movementos sociais. Cambiar a nosa forma de relacionarnos.
- Darlle mais importancia as fortalezas que ten o BNG, que son moitas.
- Conversión do BNG nun partido político, sen conglomerados nin siglas diversas.
- Non se poden tolerar tantas deslealdades internas. Noutros partidos actuaríase mais contundentemente coa xente que pon paos as rodas desde dentro da organización. Estamos demasiado pendentes do que dirán de nos.
- A xente non quere entrar connosco polo noso modelo organizativo.
- Temos que tratar de manter a unión. Sumar sempre a nivel interno.
- Darlle longa vida ao BNG como marca
- Dar unha resposta á demonización da UPG
- Converter o BNG nun partido
- Termos unha org capaz de pensar exclusivamente no noso país
- Formato de partido pouco relevante
- Moitos descontentos que nos poden apoiar pero non van volver por mor do modelo organizativo. Da igual que sexa certo ou non pero é un atranco para que entren.
- Desdiabolizar a UPG
- Esquema frentista OK
- Complexo de ONG. + PARTIDO + POLÍTICO
- Tratar de manter a unión das municipais
- Funcionou moi ben asembleas abertas
- Aunar entre todos as forzas dentro do BNG a unión e abrialle ás portas a outros
- Que nos volvan a ver como referente
- Respectar as minorías e maiorías internas de democracia do BNG. -> vender ben esta democracia interna
- Mudar todo, adaptarnos moito máis rapidamente. + rápidos e frescos

PROPOSTAS PARA O DEBATE

--